



Área de Urbanismo, Vivenda, Infraestruturas e Mobilidade
Dirección de Urbanismo
Servizo de Planeamento e Xestión do Solo
Departamento de Planeamento
63114I01JT 631/2020/174

Exp.: EXC-32/20

RESUMO EXECUTIVO DA SUSPENSIÓN DE LICENZAS, DELIMITACIÓN DA ÁREA DE SUSPENSIÓN DO PLANEAMENTO, XESTIÓN E LICENZAS NO ÁMBITO DA API S35 "RÍA DO BURGO", PARA ESTUDO DUNHA POSÍBEL MODIFICACIÓN PUNTUAL DO PXOM/13"

Procede o estudio dunha posible modificación puntual do PXOM de 1998 na fronte da Ría do Burgo aprobada definitivamente mediante Orde do 1 de outubro de 2008 da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes, que foi recollida no Plan Xeral de Ordenación Municipal do 25 de febreiro de 2013 como a área de planeamento incorporado "API S35", co gallo de analizar o seu encaixe co novo modelo territorial derivado da entrada en vigor de novas disposicións legais e documentos de referencia no eido da sostibilidade e do litoral.

O acordo abrangue:

1.- A suspensión cautelar de tramitación de instrumentos de planeamento, equidistribución e urbanización nos seguintes ámbitos da área de planeamento incorporado API S35 "Ría do Burgo" en polígonos e áreas de repartición delimitados en solo urbano non consolidado, situados ao norte da Ponte da Pasaxe (POL RB1, RB2, RB3, RB4, RB5 e RB6), nos que aínda non foron tramitados os instrumentos de xestión urbanística e onde se percibe unha maior necesidade de analizar polo miúdo a compatibilidade dos novos desenvolvementos urbanísticos previstos cos valores ambientais, paisaxísticos e co modelo de desenvolvemento territorial sustentable.

A suspensión non afecta aos polígonos RB7, RB8 e RB9, ao outro lado da Ponte da Pasaxe, nun ámbito xeográfico diferenciado e practicamente transformado, cunha reducida superficie cada un deles, considérase que non teñen incidencia negativa nos valores paisaxísticos e litorais, estando avanzada a fase de equidistribución no ámbito do polígono RB-9.

Por outra banda, tamén afecta en menor medida a solo urbano consolidado, dado que no ámbito da Norma Zonal nº 13 "solo urbano do núcleo das Xubias de Abaixo" unicamente se suspenden as licenzas de parcelación e demolición das construcións,



Área de Urbanismo, Vivenda, Infraestruturas e Mobilidade
Dirección de Urbanismo
Servizo de Planeamento e Xestión do Solo
Departamento de Planeamento

📁 63114I01JT 📁 631/2020/174

para os efectos de preservar a estrutura parcelaria e as edificacións tradicionais existentes vencelladas a un asentamento mariñeiro. Si se permiten licenzas de nova edificación consonte á dita Norma Zonal nº 13.

En troques, en solo urbano non consolidado no ámbito das Norma zonal 12 “edificación en bloque” e da Norma zonal 6.2 do PXOM/1998 que se atopa incorporada ao PXOM/2013 no API S-35 (Ría do Burgo), si se suspenden tanto as licenzas de nova edificación, como as de parcelación e demolición, xa que son ámbitos nos que cómpre analizar unha posible modificación das ditas normas zonais, para os efectos de incorporar, entre outras, determinacións relativas á integración ambiental e paisaxística.

2.- A incoación do expediente de estudo e análise dos parámetros dunha posible modificación puntual do planeamento xeral no ámbito identificado no apartado primeiro, que acolla os criterios do novo modelo territorial sinalado nas disposicións referidas.

A Coruña, na data da sinatura electrónica deste documento

Xefe do Departamento de Planeamento

Xefe do Servizo de Planeamento e Xestión do Solo